

CONCERTO DE PIANO

AIDA SACO BEIROA

Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro / Sábado 16 decembro ás 20:00 h

PROGRAMA

I

Preludio e fuga en Do Maior
Scherzo, nº 1
Estudo transcendental, nº 10

J. S. Bach (Do Clave ben Temperado II)
F. Chopin
F. Listz

II

Sonata, nº:13. Op 27, nº:1
Andante - Allegro - Andante
Adagio
Variacións serias
A alborada do gracioso

L. v. Beethoven
Allegro molto vivace
Allegro vivace
F. Mendelssohn
M. Ravel

Aida Saco Beiroa (1998. Rianxo, A Coruña)

A partir dos seis anos esta pianista de ascendencia monfortina iniciou o seu achegamento aos estudos musicais asistindo a clases de solfexo e piano organizadas polo Liceo Marítimo Rianxeiro. Posteriormente ingresou no Conservatorio Profesional de Música do mestre Martín Millán onde finalizou no curso 2015-16 os estudos de Grao Profesional de Piano. Como participante no International Keyboard Festival ten realizado workshops e masterclass con destacados teclistas do panorama musical, entre eles, Víctor Prieto, Abe Rábade, Ana Mafalda Castro, Rasa Biveiniene e Maurizio Moretti.

No XL Curso Internacional “Música en Compostela” recibe ensinanzas impartidas polo prestixioso pianista Josep M^a Colom. Na actualidade, nun paso previo ao ingreso nos estudos superiores de piano, recibe clases da pianista Simona Kantecheva e do mestre Alexander Gold.

Como pianista clásica ten participado en numerosos concertos colectivos e ofrecido, asemade, distintos concertos solistas. Recentemente foi seleccionada como pianista concertista dentro do I Ciclo de Concertos Novos Talentos Musicais organizado pola USC e a Asociación Compostela Sound e participado no Ciclo de Novos Intérpretes Musicais organizado polo Concello de Rianxo.

É distinguida con Mención Honorífica no 13º Concurso Internacional de Piano do Alto Minho e nomeada vogal do xurado do IX Concurso Fran Pérez “Narf” para artistas musicais, promovido pola Deputación da Coruña.

De xeito paralelo aos estudos de interpretación de piano clásico, realiza composicións musicais para piano que foron dadas a coñecer ao público en diversos auditorios, algunhas delas tamén dispoñibles en distintas plataformas dixitais. Metaforfoses, o seu primeiro proxecto artístico, está recollido nun traballo discográfico de mesmo nome.

Asemade, ten participado coma pianista, entre outros, na gala dos IV Premios Martín Códax da Música celebrada no Pazo da Cultura de Pontevedra, no espazo sonoro da obra teatral Cousas de Castelao da compañía Os Quinquilláns, distribuída pola Editorial Galaxia e na Homenaxe nacional ao poeta Paco Souto, realizada no Teatro Colón de A Coruña.

Colabora:



Sociedad Filarmónica
de Monforte